

## ECONOMÍA E DEPORTE PROFESIONAL: ASPECTOS XURÍDICO-MERCANTÍS DE ACTUALIDADE <sup>1</sup>

ALFREDO ROMERO GALLARDO  
Área de Dereito Mercantil  
Facultade de Dereito  
Universidade da Coruña

Recibido: 14 novembro 1997

Aceptado: 3 abril 1998

A progresiva "economización" e "mercantilización" dos espectáculos deportivos —posta ultimamente de relevo a raíz da controvertida sentenza *Bosman*— e, sobre todo, a incapacidade do modelo xurídico de club da lexislación precedente (composta pola *Lei 13/1980, xeral da cultura física e do deporte*, así como polo *RD 177/1981, sobre clubs e federacións deportivas*), para facerlle fronte a ese fenómeno e ó sobreendebemento do fútbol español da década dos oitenta, motivaron ó lexislador deportivo de 1990 a introducir un cambio radical na conformación xurídica do noso asociacionismo deportivo: crear un novo modelo de responsabilidade xurídica e económica para os clubs que desenvolven actividades de carácter profesional. Ese novo modelo non é outro que a Sociedade Anónima Deportiva (SAD), nova forma xurídico-societaria que, inspirada no réxime xeral das sociedades anónimas, incorpora determinadas especialidades para adaptarse ó mundo do deporte.

Esas especialidades aparecen recollidas xenericamente na vixente *Lei 10/1990, do deporte* (LD), aínda que o seu desenvolvemento concreto se realiza no *Real decreto 1084/1991, sobre o réxime xurídico das sociedades anónimas deportivas* (RDSAD), modificado posterior e sucesivamente por outros dous decretos: o *RD 449/1995* (famoso, como se lembrará, por provoca-lo momentáneo descenso do R.C. Celta de Vigo e do Sevilla C.F. á 2ª división "B" de fútbol durante o mes de agosto de 1995) e o *RD 1846/1996* (que eliminou as normas do decreto anterior causantes daquela grave situación). No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa anterior complétase coa recentemente promulgada *Lei 11/1997, de 22 de agosto, xeral do deporte en Galicia*, que dedica ás SS.AA.DD. galegas unha sección específica (a 5ª do capítulo II do título III: artigos 37 a 39). Toda a normativa expresada constitúe, a grandes liñas, o *dereito primario* da sociedade

---

<sup>1</sup> O texto que aquí se reproduce serviu de base para a comunicación do mesmo título presentada nas *II Jornadas sobre Economía y Deporte*, organizadas polo Instituto Andaluz del Deporte en Málaga, os días 23, 24 e 25 de outubro de 1997, e contou para a súa presentación co apoio financeiro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

anónima deportiva. Dela, ademais, dedúcese un *dereito supletorio*, que se ocupa dos aspectos comúns da SAD coas sociedades anónimas ordinarias, aspectos que non son obxecto de tratamento singular por parte do ordenamento deportivo. Eses aspectos comúns atópanse regulados na *Lexislación mercantil xeral das sociedades anónimas*: máis concretamente no *Texto refundido da Lei de sociedades anónimas de 1989* (TRLSA; RD lexislativo 1564/1989) e no novo *Regulamento do rexistro mercantil de 1996* (RD 1784/1996).

Á luz do conxunto normativo que acabamos de mencionar —e, en especial, do *dereito primario* da SAD—, pasarei de seguido e moi sucintamente a enumerar e comenta-las peculiaridades máis destacadas desta extraordinaria figura societaria, dende un punto de vista estrictamente xurídico-mercantil:

- 1) A sociedade anónima deportiva posúe, ante todo, unha dobre natureza: por un lado, constitúe en esencia unha modalidade de *club deportivo* (artigo 14.c da LD), aquela ideada especialmente polo lexislador de 1990 para vesti-lo asociaciónismo privado do deporte profesional; por outro, trátase tamén dunha *sociedade mercantil* (artigo 3 do TRLSA) e, por iso, organiza e xestiona as súas actividades económicas dun modo tipicamente empresarial.
- 2) A LD impuxo e impón a forma "SAD" a tódolos clubs que interviñan, que interveñen ou que vaian intervir nas competicións deportivas recoñecidas como profesionais no noso país [1ª e 2ª división "A" de fútbol e 1ª división de baloncesto —denominada *Liga ACB* (sigla da Asociación de Clubs de Baloncesto)—]. Non obstante, cómpre efectuar dúas matizacións importantes. En primeiro lugar, a propia lei estableceu unha única exención ó cumprimento desa obriga para aqueles clubs que, á entrada en vigor desta lei, obtiveron un saldo patrimonial neto de carácter positivo en tódalas auditorías realizadas por encargo da Liga Profesional a partir da temporada 1985-1986: os clubs exentos pola súa "boa xestión financeira" foron o At. C. de Bilbao e o C. At. Osasuna en fútbol, e o R. Madrid, C.F. e o F.C. Barcelona en fútbol e en baloncesto. O seu réxime xurídico actual atópase basicamente integrado polas seguintes normas: *as disposicións adicionais sétima e oitava da LD e primeira, segunda e terceira do RDSAD; as disposicións regulamentarias da lexislación deportiva anterior que sexan compatibles coa LD (gracias á disposición final terceira da LD); os regulamentos das ligas profesionais nas que toman parte (aplicables tamén ás SS.AA.DD.), os estatutos de cada club eximido e a Lei de asociacións de 1964*. En segundo lugar, o RD 449/1995 perfila un *réxime de transformación voluntaria* para aqueles clubs deportivos ós que a transformación non lles veña esixida por mandato legal (é dicir, para clubs que toman parte en competicións de carácter afeccionado), sempre e cando orienten o seu obxecto social principal á intervención nalgunha das competicións profesionais que actualmente existen (*vid.* disposición adicional oitava do RDSAD).

- 3) De acordo cos artigos 19.3 da LD e 2.1 do RDSAD, o seu *obxecto social* debe dirixirse de modo primordial e inescusable á *participación en competicións profesionais dun só deporte e a través dun único equipo profesional*. Así mesmo, as sociedades anónimas deportivas poderán dedicarse, de maneira accesoria, a outros dous tipos de actividades: un, a *promoción e desenvolvemento de actividades deportivas* (formación dunha "canteira" de deportistas novos, organización de actividades deportivas de carácter popular, etc.); e, dous, a realización de calquera outra clase de actividades de natureza *extradeportiva, pero relacionadas ou derivadas desa práctica profesional dun deporte* (incluíndo aquí calquera actividade de índole económica que garde relación co obxecto societario fundamental: por exemplo, a explotación de salas de bingo, autorizada para as SS.AA.DD. por unha *Orde do Ministerio do Interior, de 14 de maio de 1993*).
- 4) En canto ó seu *capital social*, establécense dous mínimos legais: o *capital mínimo de constitución* e o *capital mínimo de mantemento ou vida*. O primeiro é fixado durante a constitución por unha comisión especial allea á sociedade en formación (a *Comisión Mixta*, regulada na disposición adicional sexta do RDSAD): deberá estar *desembolsado totalmente mediante achegas de diñeiro* (artigos 21.2 da LD e 6.1 do RDSAD) e *nunca será inferior a 10 millóns de pesetas* (artigos 21.1 da LD, 3.1 do RDSAD e 4 do TRLSA), cifra certamente ridícula se temos en conta os centos e incluso de millóns que moven estas sociedades na práctica. O segundo é determinado pola propia SAD ó longo da súa vida: *en ningún caso estará por debaixo do 50% do anterior* (artigo 3.7 do RDSAD), pois, do contrario, a sociedade incorrería en causa legal de disolución (artigo 260.1.5º do TRLSA).
- 5) Polo que respecta ás súas *accións*, serán todas elas sen excepción *nominativas* para identificar plenamente ós seus titulares; requisito que supón un forte obstáculo para a posible saída a bolsa desas accións, e que tal vez podería paliarse no futuro se se autoriza a súa representación mediante anotacións en conta; ademais, han ser *da mesma clase* (aínda que a LD non veda a existencia de series diferentes que outorguen distintos dereitos "económico-deportivos" —por exemplo, dereito a tarifas especiais na compra do abono de temporada, dereito ó acceso gratuíto a determinados encontros, etc.—) e *de igual valor* (o valor nominal máximo de cada acción será de 10.000 pesetas); todo iso en virtude dos artigos 21.3 da LD e 6.2 do RDSAD.
- 6) Con relación ós seus *accionistas*, *límitase a condición de accionista por razón da nacionalidade* (artigo 22.1 da LD) para evita-lo control da SAD por parte de persoas ou entidades estranxeiras. Esta limitación presenta un serio inconveniente dende a perspectiva do dereito comunitario: impide a entrada de persoas, físicas e xurídicas, nacionais doutros estados membros da Comunidade Europea

no capital social, o que parece opoñerse, por un lado, ó *artigo 73B do Tratado de Roma*, que consagra hoxe a *libre circulación de capitais* en substitución do antigo artigo 67 do mesmo Tratado e da Directiva comunitaria 88/361/CE do Consello; e doutra, as *normas do noso dereito interno que se adaptan a esa liberdade* (a *Lei 18/1992* e o *RD 671/1992, sobre investimentos estranxeiros*, así como o *RD 1816/199, sobre transaccións económicas co exterior*). Dise que o artigo 22.1 só pode ter xustificación no noso ordenamento amparándose en *razóns de orde pública*, mais, baixo a nosa modesta opinión, resulta agora mesmo inaplicable por contraporse a unha disposición comunitaria de *eficacia inmediata*, cal é o citado artigo 73B (como recoñecen o Tribunal de Xustiza Comunitario na sentenza *Sanz de Lera e outros*. Igualmente, *restrínxese a posesión simultánea de accións en varias SS.AA.DD. dunha mesma competición* (artigos 22.2 e 3 da LD, e 9.1 e 2 do DSAD), co obxecto de evitar "amaños extradeporativos" da competición. Por último, *non se limita nin se prohíbe a hipótese da SAD de socio-accionista único ou unipersoal*, que se rexerá polo disposto no capítulo XI da *Lei 2/1995, de sociedades de responsabilidade limitada*, pola remisión que este efectúa o novo artigo 311 do TRLSA.

- 7) No que atinxe á súa *administración e xestión*, a lexislación deportiva só admite un determinado modelo de dirección empresarial para a SAD, o *Consello de Administración*, que estará formado por un mínimo de sete membros (artigos 24 da LD e 11 do RDSAD). Da caracterización xurídica dos administradores cabe salientar catro notas: a) atópanse sometidos a un *férreo réxime de incompatibilidades* (contido nos artigos 24.2 da LD e no 12 do RDSAD), máis rigoroso có recollido na Lei de sociedades anónimas; b) teñen a *obriga de prestar de común acordo fianza* (mediante aval bancario ou seguro de caución: artigo 13 do RDSAD); c) os seus actos de disposición ou gravame sobre os inmobles da sociedade, así como aqueles que superen o orzamento para gastos de persoal requirirán *autorización da Xunta Xeral de Accionistas* (é interesante citar aquí unha sentenza do Xulgado de 1ª instancia número 1 de Vigo, de 10 de febreiro de 1997, que ordenou a destitución do Consello de Administración do R.C. Celta por cometer diversas "irregularidades administrativas", entre elas hipotecar un inmovible do club —os terreos de adestramento— sen obte-lo debido permiso da Xunta Xeral); e d) en materia de *responsabilidade*, aplicaráselle-la esixida polo artigo 133 do TRLSA, respondendo, ademais, "*fronte á sociedade, fronte ós accionistas e fronte a terceiros dos danos e perdas que causen por incumprimento dos acordos económicos da liga profesional correspondente*", conforme ós artigos 24.6 da LD e 16, parágrafo 1º do RDSAD.
- 8) No referente ó *exercicio económico*, e a diferenza do que ocorre no réxime xeral das sociedades anónimas ("*a falta de disposición estatutaria entenderase que o exercicio social rematarán o 31 de decembro de cada ano*", di o artigo 9.j do TRLSA) e nos clubs profesionais con forma de asociación privada, non-

lucrativa e de interese público ( "*o exercicio económico comezará o 1 de xullo de cada ano e rematará o 30 de xuño seguinte*", indica a disposición adicional sétima, apartado 4 da LD), na SAD fixarase "*conforme ó calendario de competición acordado pola Liga Profesional correspondente*" (artigo 20.3 da LD), de aí que adoite variar dunha temporada a outra.

- 9) Finalmente, os artigos 26 da LD e 21.2 do RDSAD sinalan que o *orçamento* e a *contabilidade* da SAD se elaborarán "*de conformidade coa Lei de sociedades anónimas e mailo Código de Comercio, e de acordo coas normas que regulamentariamente se determinen* (vid., en particular, a *Orde do Ministerio de Economía y Hacienda, de 23 de xuño de 1995*, pola que se aproban as *normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade a estas sociedades especiais*; normas que a *Orde do Ministerio de Educación y Ciencia, de 27 de xuño de 1995*, declara de aplicación ós clubs que, sen posuí-la forma SAD, participan en competicións profesionais); a aprobación orzamentaria efectuarase *anualmente, con carácter previo ó inicio da competición, en Xunta Xeral* (no caso das SS.AA.DD. da Liga Nacional de Fútbol Profesional —LNFP—, terá lugar "*antes do 31 de agosto de cada ano ou no seu defecto antes do inicio da primeira xornada del Campeonato Nacional de Liga y do primeiro partido que dispute o club... de que se trate*", ex artigo 134 do Regulamento da LNFP), e *segundo o quorum e a maioría establecidos no TRLSA* (aunque cabe eleválos nos estatutos); por se fose pouco, a Liga Profesional, o Consello Superior de Deportes e, de se-lo caso, a comunidade autónoma correspondente poderán determinar qué SS.AA.DD. haberán de someterse a unha *auditoría complementaria*, levada a cabo polos auditores que designen (artigos 26.4 do LD e 21.5 do RDSAD).